

PROXECTO

EduMotivaCon_

Por qué o proxecto EduMotivaCon_?

Visión compartida para promover a mellora.

- Os sistemas educativos precisan hoxe en día garantir que o alumnado adquira non só **coñecementos** curriculares senón, tamén, que acade, por unha banda, as **competencias** clave para o seu pleno desenvolvemento persoal e social (aprender a aprender, sociais e cívicas, matemática/científica/tecnolóxica, dixital, lingüística...) e, por outra, adquira a educación en **valores** que enmarque o seu proxecto vital.
- Neste sentido, é preciso que se lle facilite ao alumnado a adquisición das **destrezas** vinculadas a xeitos de **pensamento** (creatividade, pensamento crítico, solución de problemas, toma de decisións e aprendizaxe), ou de **traballo** (comunicación e colaboración). Destrezas en xeral vinculadas ao crecemento persoal ao exercicio da cidadanía e da carreira profesional.

Por qué o proxecto EduMotivaCon_?

Mobilizar o talento e o coñecemento de persoeiros relevantes.

- Para o sistema educativo galego, é importante a achega que **persoeiros relevantes**, nos distintos campos do coñecemento e do desenvolvemento profesional e con amplo recoñecemento no ámbito social, poidan facer para **favorecer a motivación** de todos os membros das comunidades educativas.
- Neste sentido, estimular a **curiosidade e a creatividade** mediante o achegamento destes persoeiros aos centros de ensino en formatos de comunicación directa, como charlas-coloquio, acompañadas, no seu caso, de traballos por proxectos, pode ser un medio efectivo de apoio a ese fin.
- Moitas persoas relevantes xa están a compartir o seu coñecemento e talento coas comunidades educativas sendo elementos conectores e motivadores. **O proxecto ofrece unha plataforma** que da visibilidade a estes esforzos e está aliñado co sistema educativo dun modo coherente.

Traballar xuntos, tender pontes.

Como podemos traballar xuntos. Cocreación.

- O proxecto trata de ser **inspirador e motivador**.
- Se trata de trasladar aos centros de ensino **actividades de motivación e divulgación** dos socios (partners) do proxecto que mediante as súas **visitas a centros** lles aporten valor engadido desde distintas ópticas e diferentes ámbitos e temáticas, e sexan unha oportunidade para o traballo por proxectos e sobre as competencias clave nas aulas .
- Ao mesmo tempo, en función das dispoñibilidades de cada socio, se organizarían **actividades de “mentoring” con grupos** de alumnos e alumnas e profesorado sempre en base a un proxecto educativo e co apoio da plataforma do programa.

Traballar xuntos, tender pontes.

Como podemos traballar xuntos. Cocreación.

- O proxecto se articula sobre unha **plataforma de apoio** que permita a:
 - **comunicación pública** das accións
 - **xestión** das accións en relación cos centros
 - dispoñibilidade de **contidos de soporte** a cada un dos socios que facilite a **personalización dos seus proxectos** (cocreación)
 - **difusión** dos produtos educativos que se vaian desenvolvendo.
- Neste sentido se desenvolverá un **espazo web específico** do proxecto e se contará co soporte da **Rede de Formación Permanente do Profesorado**.

A rede de socios (partners)

Con quen contamos?

- **Angel Carracedo. Científico e divulgador.**
- **Senén Barro. Científico e divulgador.**
- **Jorge Mira. Científico e divulgador.**
- **Carmen Vidal. Profesora de Medicina. USC.**
- **Moncho Fernández. Adestrador deportivo.**
- **Kiko Novoa. Xornalista da CRTVG.**
- **Marga Pazos. Xornalista da CRTVG.**
- **Manuel Paz. Escultor.**
- **Miguel Conde. Publicista.**
- **Roi Casal. Músico.**
- **Pepe Solla. Cociñeiro.**
- **Luis Llamas. Executivo. Director refinería da Coruña.**
- **Ramón Villares. Presidente do Consello da Cultura Galega.**
- **Luis Fraga. Xornalista da CRTVG.**
- **Cristina Pato. Música.**
- **Carla Reyes Uschinsky. Xornalista e presidenta de Executivas de Galicia.**